223/2026	13-03-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: CGN
224/2026	13-03-2026	Considerar desistida a YGF da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 02/10/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
225/2026	13-03-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ALSC
226/2026	16-03-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de marzo de 2026
227/2026	16-03-2026	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 3867,45 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a BIS, técnica de xestión de administración xeral do Concello de Culleredo, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos subscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo o 16 de outubro de 2025
228/2026	16-03-2026	Aprobar o reintegro dos fondos non xustificados polas baixas por IT (Incapacidade Temporal) de tres traballadoras e as diferenzas nas cotizacións á Seguridade Social de dous traballadoras contratadas, a prol da Xunta de Galicia por importe de 11.027,00 euros, da subvención concedida ao Concello de Cambre, polo importe total de 64.530,20 euros, para a contratación de 5 persoas perceptoras do RISGA no exercicio 2021
229/2026	16-03-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención, de data 06.03.2026, no que se emite informe de reparo

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		suspensivo, entre outras, ás facturas que se sinalan na consideración quinta e sexta do mesmo, tendo en conta os informe emitidos polo administrador do sistema informático con data 09.03.2026, polo oficial en funcións de xefe da Policía local con data 09.03.2026 e pola coordinadora de servizos sociais con data 10.03.2026. Aprobar as facturas por un importe total de 85.075,06 euro
230/2026	16-03-2026	Aprobar a relación de aspirantes que formarán parte da listaxe para posibles nomeamentos interinos de enxeñeiros técnicos de obras públicas
231/2026	16-03-2026	Convocatoria de sesión ordinaria das Comisións Informativas Permanentes do día 20 de marzo de 2026
232/2026	16-03-2026	Aprobar o pago da débeda que figura na base de datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe total de 271,68 euros que corresponde a: - 134,34 euros de liquidación rectificativa de Oficio por período xullo de 2023. - 137,34 euros de liquidación rectificativa de Oficio por período agosto de 2023. Aprobar, autorizar, dispor e recoñecer as obrigas resultantes dos recargos correspondentes ós seguros sociais dos meses de xullo e agosto de 2023 á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe total de 271,68 euros
233/2026	16-03-2026	Aprobar a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas, así coma o pagamento de 2.543,03 euros
234/2026	20-03-2026	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 24 de marzo de 2026, ás 10.00 horas
235/2026	20-03-2026	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu informe con referencia LMRREPARO SUSPENSIVO - CLUB BALONCESTO CAMBRE. TEMPORADA 2021/2022. FASE O, de data 26.11.2024, isto con base no informe do coordinador de actividades culturais e educativas, co conforme do concelleiro delegado da área de Turismo, Patrimonio, Sanidade, Deportes e Xuventude, de data 10.02.2026. Aprobar a Conta xustificativa correspondente ao cumprimento de obrigas derivadas do convenio de colaboración para a promoción do baloncesto 2022, sendo o importe de gastos válidos xustificados de 48.072,58, e 35.570,63 euros o importe de ingresos afectos imputables ao obxecto do convenio. Recoñecer e liquidar obrigas a prol do Club Baloncesto Cambre, en concepto de achega única correspondente ao convenio de colaboración co Club Baloncesto Cambre para a promoción do baloncesto no 2022, por importe de 9.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria “2026 341 48904, así como o seu aboamento mediante transferencia bancaria.
236/2026	20-03-2026	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu informe con referencia LMRREPARO SUSPENSIVO SUBVENCIÓN NOMINATIVA ASOCIACIÓN DE CLUBS DE FÚTBOL DE CAMBRE PARA A PROMOCIÓN DO FÚTBOL TEMPORADA 2021/2022, de data 12.11.2024, isto con base no informe proposta asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas o 09.02.2026, coa conformidade do concelleiro delegado de data 10.02.2026. Recoñecer e liquidar obrigas a prol da Asociación de Clubs de Fútbol de Cambre, para a distribución aos clubs beneficiarios en concepto de achega única correspondente ao convenio de colaboración para a promoción do fútbol tempada 2021/2022, por importe de 27.900,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2026 341 48905 “Convenio Asociación Clubs de Fútbol”, así como o seu aboamento mediante transferencia bancaria, segundo se indica: - Sp. Cambre S.D.C e R.: 12.000,00 euros - Once Caballeros C.F.: 7.500,00 euros - Brexo-Lema S.D.: 7.000,00 euros

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 03/07/2026 14:35:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 06/07/2026 14:46:00)
Versión imprimible
CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 03/07/2026 14:35:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 06/07/2026 14:46:00)
Versión imprimible
CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

		- Bribes C.F.: 1.400,00 euros
237/2026	20-03-2026	Asignar á funcionaria responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, dona AMPT, as funcións do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, durante o período de baixa de don FMGN, quen retomará o desempeño das ditas funcións no momento da súa alta, todo isto sempre e cando non teña lugar previamente a reincorporación do titular do posto.
238/2026	20-03-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención- providencia facturas REPARO SUSPENSIVO TEDEC 2026/T003/000632, de data 10.03.2026, no que se emite informe de reparo suspensivo, entre outras, ás facturas que se sinalan na consideración quinta e sexta do mesmo, tendo en conta os informe emitidos polo axente de protección civil, en funcións de coordinador do servizo de emerxencia e protección civil, con data 12.03.2026, polo oficial, en funcións de xefe da Policía local con data 13.03.2026 e pola coordinadora de servizos sociais con data 13.03.2026. Aprobar as facturas por importe total de 85.003,78 euros

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 24 de febreiro de 2026
- Proposta relativa á contratación da organización e execución da “XVII Xuntanza do Maior” a celebrar no concello de Cambre. Exp: 2025/C004/000014
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de marzo de 2026
- Proposta relativa á aprobación da memoria técnica valorada denominada “Pista deportiva do Temple (R/Otero Pedraio xunto a Eroski Center)”.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 5 de marzo de 2026
- Proposta relativa á adxudicación da obra "Mellora do parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023, á empresa “Eulen, S.A.” polo prezo de 100.438,87 euros sen IVA (121.531,03 euros IVA incluído)
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 10 de marzo de 2026
- Proposta relativa á aprobación do expediente de contratación relativo á obra de “Substitución do peche perimetral incluindo porta de acceso de vehículos e o reposicionamento do cadro de iluminación da pista deportiva do Temple, en rúa Otero Pedraio”, por tramitación ordinaria e mediante procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación de apreciación automática). Expediente TEDeC núm. 2025/C003/000002 - Proposta relativa á adxudicación do contrato baseado para a contratación do seguro de flota de vehículos do Concello de Cambre, á entidade “Occident GCO, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros” cunha prima total ofertada de 9.683,06 euros.

3.3. ROGOS

***Acceso á videoacta* – 02:18:45 horas**

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 03/07/2026 14:35:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 06/07/2026 14:46:00)
Versión imprimible
CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

ROGOS DE UXC PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900001723 o día 23 de marzo de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:18:52 horas**

Lee o rogo o Sr. Mallo Castro.

"Vista a reunión celebrada o pasado 10 de marzo en Alcaldía con presenza de varios grupos municipais, a secretaria municipal e o avogado contratado polo concello para comparecer en dúas causas xudiciais, rogamos, tal e como solicitaron algúns concelleiros e concelleiras de UxC por rexistro, o informe solicitado á secretaria municipal, tendo en conta que o prazo establecido polo ROM xa se cumpriu e non foi recibida a dita información."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén o Sr. Mallo Castro.

(Cando son as trece horas e vinte e un minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Lamela Vázquez, que se reincorpora ás trece horas e vinte e dous minutos)

Intervén a Sra. alcaldesa.

A continuación, a Sra. alcaldesa concede o uso da palabra á Sra. secretaria municipal, quen, unha vez concedido, expón que dado que se ten aceptado o rogo quere matizar unha cousa, que respecto do solicitado polo grupo municipal nos seus escritos, non cumpren os requisitos legais nin para a emisión de informes, nin para a expedición de certificacións; que o artigo 54.1 do Real decreto lexislativo polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, cando menciona os informes de Secretaría sinala que será necesario o informe do secretario e, no seu caso, do interventor naqueles supostos nos que o ordene o presidente, ou cando o solicite un terzo dos membros da Corporación con antelación suficiente; que o artigo 173.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, reproduce o disposto no artigo anterior; que o artigo 3.3 do Real decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional di que a función de asesoramento legal preceptivo comprende, entre outras, a emisión de informes previos naqueles supostos en que así o ordene o presidente da Corporación ou cando o solicite un terzo dos seus de membros, con antelación suficiente á celebración da sesión en que houbese de tratarse o asunto correspondente e que tales informes deberán sinalar a lexislación en cada caso aplicable e a adecuación á mesma dos acordos en proxecto.

Di que este último precepto regulamentario fala de informes previos, o que denota que estes refírense a informes en expedientes anteriores á súa resolución; que isto se reforza con que ese artigo engade con antelación suficiente á celebración da sesión en que houbese de tratarse o asunto, co que se refire a expedientes que dean lugar a adopción de acordos; que os arts. 54 do texto refundido e 173 do Real decreto 2568/1986, ambos refírense á antelación suficiente á celebración das sesións, o que vincula, polo tanto, a emisión de informes previos por parte do secretario, solicitados por parte dun terzo dos concelleiros á antelación suficiente á celebración da sesión en que houbese de ser tratado o asunto, o que denota que se trata de informes para resolver un procedemento, expresión esa "con antelación suficiente" á que tamén se refire o artigo 173.1 do ROF; que a anterior interpretación é coherente coa finalidade dos informes que constitúen un documento de xuízo sobre cuestións obxecto de diferentes procedementos administrativos; que como todo documento de xuízo a súa finalidade é a de proporcionar ao órgano

competente para a resolución dos procedementos tanto as valoracións ou opinións necesarias para a adopción das correspondentes decisións, acordos ou resolucións; que resulta, polo tanto, que os informes de Secretaría a solicitude dun terzo de concelleiros débense referir a expedientes en trámite, e ser previos á súa resolución. Di que ese criterio é tamén o mantido pola revista El Consultor de los Ayuntamientos y Juzgados en diferentes consultas como a 2453/99, outra de xuño de 2020 e outra de 16 de decembro de 2019 que di que no suposto establecido no apartado a) do artigo 3 debe entenderse no sentido de que cada órgano ten competencia para pedir informes en materia da súa competencia porque a finalidade dos informes é asesorar para que as decisións se tomen de forma correcta; que así o alcalde pode pedir informes sobre todas as materias e os concelleiros deben limitarse a aquelas que deben ser analizadas e aprobadas en pleno antes de que se celebre, porque a finalidade do informe é asesorar a quen debe tomar a decisión; que por tanto entenden que os concelleiros da oposición non poden solicitar informes sobre materias que xa se analizaron e sobre as que neste momento non se pretende ningún acordo.

A secretaria xeral continúa dicindo que tamén hai outra consulta de 5 de novembro de 2020 que cre que teñen na contestación realizada pola Sra. alcaldesa; que no suposto examinado, por unha banda a solicitude non se presenta asinada pola cuarta parte do número de concelleiros, son 6 en concreto as solicitudes presentadas, e que doutra tampouco se refiren a una materia concreta, a un expediente administrativo que vaia ser obxecto de tratamento no pleno, senón que pretenden un informe xurídico sobre unha reunión que non ten ningún contido xurídico; que máis que informe o que solicitan é información, polo que non se cumpren os presupostos legais que determina a normativa vixente para a emisión de informes por parte do secretario.

Di que en canto ás certificacións que denominan técnicas, as certificacións do secretario son certificacións de coñecemento e correspóndelle de acordo coa normativa vixente expedir certificacións sobre antecedentes, libros e informes e sobre acordos adoptados por órganos decisorios; que a súa asistencia á reunión a que se refiren o foi a solicitude da Sra. alcaldesa, pero non no exercicio da fe pública, e que polo tanto non existen actas; que foi no exercicio doutra función, que é o acompañamento á alcaldesa a reunións cando esta o requira.

Intervén o Sr. Mallo Castro.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:30:48 horas**

Lee o rogo a Sr. González Leirós

“Visto que o pasado xoves en comisións informativas a alcaldesa afirmou que no se tiña que facer finalmente modificado ningún no proxecto do parque Ramón Barba para poder continuar as obras e que só había que garantir o pago á empresa para rematar as actuacións. Rogamos se proceda aos pagos pendentes para que se reanuden as obras e se rematen antes do verán.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:31:35 horas**

Lee o rogo o Sr. Barrientos Morales.

“Nas pasadas comisións informativas celebradas o pasado xoves, quedou patente que o concelleiro de Deportes Omar Lamela Vázquez fixo un claro deixamento das súas funcións ao non responder ás preguntas formuladas polo noso grupo. A iso hai que engadir, tal e como puidemos comprobar a raíz dunha cuestión formulada polo Grupo Municipal do Partido Socialista, que tampouco actuou como membro

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 03/07/2026 14:35:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 06/07/2026 14:46:00)
Versión imprimible
CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

do equipo de goberno ante un problema coa iluminación pública na rúa Constitución, onde rexenta o seu negocio, vendo que non funcionaba. Ante isto, rogamos ao concelleiro de Deportes, Xuventude e Turismo que cumpra coas súas obrigas de informar aos grupos da Corporación nas cuestións que se lles formulan e actúe, como se espera dun membro do equipo de goberno ante situacións como a de falta de iluminación pública na rúa Constitución o pasado 1 de febreiro cando, coñecendo a problemática, non fixo nada para resolvela."

O Sr. Gonzalo Lamela contesta o rogo. Intervén o Sr. Barrientos Morales.

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900001730 o día 23 de marzo de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:35:30 horas**

Lee o rogo a Sra. Rodríguez López.

"O acontecido no acto celebrado con motivo do 8 de marzo neste Concello foi un exemplo claro de falta de rigor, de sensibilidade e, sobre todo, de comprensión do que representa unha data como o Día Internacional da Muller.

Non estamos a falar dun acto calquera. O 8 de marzo non é unha celebración é un recordatorio de loita, de memoria e de compromiso. É o día en que se debe alzar a voz por quen abriu camiño e por quen hoxe segue enfrontando desigualdades, violencias e silencios.

Con todo, o que se ofreceu foi un contido baleiro dese significado e, nalgúns momentos, mesmo contrario ao mesmo.

Iníciase o acto cun grupo formado por homes e con cancións cuxas letras reproducen unha visión da muller como obxecto. Como exemplo a canción "A feira das flores", onde se trata á muller como unha "rosa" que se arrinca, "arrincala" coma se dunha posesión se tratase, onde hai unha loita entre homes por posuíla. En fin, fala de conquista e de dominio cara á muller. Isto lévanos a que o acto se expuxo partindo dunha mensaxe profundamente equivocada no contexto no que nos atopamos.

A continuación, desenvolveuse unha intervención na que, a pesar da participación de varias mulleres, que contaron a súa historia persoal, non se abordaron cuestións esenciais como a igualdade, o feminismo ou os retos que aínda persisten.

A isto súmase, unha vez máis, a falta de respecto institucional cara ao conxunto da corporación municipal, tanto no desenvolvemento do acto como na súa posterior difusión pública, onde se volve a invisibilizar ao resto de grupos que asistiron ao que pensaban sería un acto conmemorativo do 8M.

Por todo o exposto, rogamos que, en diante, antes de organizar actos vinculados a datas de especial relevancia social como o 8M ou o 25N ou calquera acto de loita social e conmemoración internacional, se preparen co rigor, a coherencia e o coñecemento que requiren, garantindo que o contido estea aliñado co significado das devanditas conmemoracións e respectando, así mesmo, a representación institucional de toda a corporación municipal.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 03/07/2026 14:35:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 06/07/2026 14:46:00)
Versión imprimible
CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 03/07/2026 14:35:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 06/07/2026 14:46:00)
Versión imprimible
CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Estas datas non son un trámite nin un mero acto protocolario: esixen compromiso, claridade na mensaxe e responsabilidade institucional."

A Sra. Espiñeira Galán contesta o rogo. Interveñen a Sra. Díaz Baldomir, a Sra. Prieto Lamas, e a Sra. Espiñeira Galán.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:46:31 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Lamas.

"Tras as actuacións supostamente realizadas pola brigada municipal na zona da estrada da Pena ao Souto, e atendendo ás explicacións ofrecidas en comisión, queremos trasladar novamente a preocupación dos veciños.

Segundo se nos indicou, procedeuse á limpeza e sinalización da zona. Con todo, a realidade que trasladan os veciños, e da cal temos probas gráficas, é ben distinta: a estrada continúa sucia, as cunetas permanecen sen limpar e os restos da roza seguen acumulados sen retirar. A intervención realizada non solucionou o problema, senón que nalgúns casos consistiu unicamente en desprazar a terra dun lugar a outro, incluso deixándoa fronte a propiedades privadas.

Por outra banda, a sinalización limítase a un único sinal de perigo, claramente insuficiente ante a gravidade da situación. Lembramos que o problema non é novo nin puntual: a auga que baixa desde a senda do Camiño do Cabaleiro segue chegando á calzada, xerando unha situación de risco evidente que xa provocou caídas de persoas e motocicletas.

É importante destacar que, a día de hoxe, a única limpeza efectiva en elementos como a fonte está a ser realizada polos propios veciños, o que non é admisible nunha infraestrutura de titularidade municipal.

Por todo iso, rogamos que de xeito urxente se adopten medidas reais e eficaces para:

- Limpar correctamente e de forma completa a estrada e as cunetas.
- Actuar sobre a orixe do problema na senda do Camiño do Cabaleiro, evitando que a auga siga vertendo sobre a calzada.
- Retirar adecuadamente os restos de roza e a terra acumulada.
- Implantar unha sinalización adecuada e suficiente mentres non se resolva a situación.
- Executar, dunha vez por todas, unha solución definitiva que garanta a seguridade viaria.

Non podemos seguir trasladando aos veciños unha sensación de abandono nin permitindo que unha situación claramente perigosa continúe sen solución mentres son os propios veciños os que suplen a falta de actuación municipal.

Solicitamos, por tanto, unha intervención inmediata e unha planificación concreta con prazos definidos para a resolución definitiva deste problema."

(Cando son as trece horas e corenta e sete minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Louro López, e ás trece horas e corenta e nove minutos o concelleiro Sr. Carballada Rodríguez)

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:49:14 horas**

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 03/07/2026 14:35:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 06/07/2026 14:46:00)
Versión imprimible
CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Lee o rogo a Sra. Parcero Quiñoy.

"Tras trasladar nas pasadas comisións a situación da rúa Constitución do Temple, onde continúan producíndose apagamentos reiterados, e tendo en conta que se nos indicou que o problema sería revisado, queremos insistir na importancia desta cuestión.

Dado que se trata dunha das principais rúas do Temple, con actividade comercial e hostaleira, estes fallos na iluminación supoñen un prexuízo para o tecido económico da zona e, ao mesmo tempo, xeran un problema evidente de seguridade, deixando a vía completamente ás escuras en determinados momentos.

Por iso, rogamos que se proceda a unha revisión integral da rede de iluminación pública do concello, co fin de asegurar o seu correcto funcionamento e evitar que situacións como a descrita volvan a producirse, así como que se realice un estudo das zonas rurais, co obxectivo de detectar posibles carencias na iluminación e valorar a implantación de novos puntos de luz naquelas zonas onde resulte necesario, mellorando así a seguridade dos veciños e veciñas de Cambre."

O Sr. Gonzalo Lamela contesta o rogo.

(Cando son as trece horas e cincuenta e un minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. Carballada Rodríguez)

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900001725 o día 23 de marzo de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - *Acceso á videoacta* – 02:51:27 horas

Lee o rogo o Sr. Carballada Rodríguez.

"En sesións anteriores este grupo municipal do BNG avisou de que no Parque da Igrexa, non funcionaban os farois, ou emitían unha cantidade de luz mínima. Non só non foi arranxado o problema, senón que a día de hoxe aumentou a problemática, posto que ante a penumbra na que se atopa a zona, esta é elixida para a xuntanza de grupos de mozos que consumen substancias prohibidas, co cal os rapaces non poden achegarse á zona, por consello e vixilancia das nais e pais. No pleno centro de Cambre, nin en ningún sitio debera de darse esta situación, pero menos debemos permitir que un goberno un día si e outro non miren para outro lado diante dos problemas continuos que se atopan os nosos concidadáns.

Diante disto e sen demora, SOLICITAMOS:

Que con carácter de urxencia se arranxe a iluminación no Parque da Igrexa de Sta. María de Cambre."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén o Sr. Carballada Rodríguez.

2º rogo - *Acceso á videoacta* – 02:53:01 horas

Lee o rogo o Sr. Carballada Rodríguez.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 03/07/2026 14:35:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 06/07/2026 14:46:00)
Versión imprimible
CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

"Reiterando novamente un rogo, así vimos dende o BNG. Diante do silencio co que actúa este goberno do PP, onde non se nos dá traslado das comunicacións que se deberan ter emitido diante doutras administracións con demandas e melloras para o noso concello, propostas tanto polo BNG como por outros grupos políticos, digo que diante deste silencio, asáltanos a dúbida de se de verdade foron emitidas, se se lle deu o traslado ao que están obrigados por ser competencia do Pleno, temos que unha vez máis retratalos como un grupo mentireiro, que incumpre sistematicamente os seus compromisos, e pásase a lei por onde lles peta, entrando nun escuro proceso de ilegalidade coas súas actuacións.

Así que de novo non lles pedimos, senón que lle eximos o que aquí SOLICITAMOS:

Que se nos dea traslado de inmediato, sen que vallan escusas de todos aqueles procedementos que foron traídos ou a pleno ou a comisións informativas, que incluían traslado a outras administracións. Así mesmo se nos dea resposta inmediata de todos os rogos e preguntas que seguen sen contestar."

(Cando son as trece horas e cincuenta e tres minutos reincorpórase ao salón de sesións a concelleira Sra. López Louro)

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

(Cando son as trece horas e cincuenta e cinco minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei)

3º rogo - *Acceso á videoacta* – 02:55:30 horas

Lee o rogo o Sr. Carballada Rodríguez.

"Dado que a ampliación dos locais da piscina da Barcala seguen sen ser podidos usar pola veciñanza posto que non está recibida a obra, e diante das preguntas por esa situación a señora alcaldesa informou que era porque se lle debían cartos á empresa que levou a cabo a ampliación, dende o BNG non saímos da nosa estupefacción, posto que é moi entendible que unha empresa queira cobrar polo traballo feito. A demanda continua da poboación para manter a saúde coas prácticas necesarias vénse imposibilitadas en todos os locais que temos no concello, ben porque non as abren, non funcionan, ou non manteñen as actividades, algo insostible!

Diante disto: SOLICITAMOS:

Que dado que o atranco é o pago do traballo realizado, se proceda polos mecanismos necesarios a el, garantindo que se poida abrir o ximnasio deseguido."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

(Cando son as trece horas e cincuenta e sete minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei)

Intervén o Sr. Carballada Rodríguez.

(Cando son as trece horas e cincuenta e nove minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Díaz Baldomir)

Intervén o Sr. González Leirós.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 03/07/2026 14:35:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 06/07/2026 14:46:00)
Versión imprimible
CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

(Cando son as catorce horas e un minutos reincorpórase ao salón de sesións a concelleira Sra. Díaz Baldomir)

Interveñen a Sra. Prieto Lamas e a Sra. alcaldesa.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO E ORALMENTE

Rexistrado o rogo escrito de entrada ao núm. 202699900001728 o día 23 de marzo de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcrito di:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:06:26 horas**

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío

«Son moitas as entidades veciñais que están a "suplir" a carencia de servizos para a veciñanza no Concello. Polo tanto parécenos interesante facer eco de todas esas iniciativas veciñais e de entidades nas redes municipais do Concello. De cara a complementar os servizos municipais que agora non se están dando, pero tamén para colaborar coas entidades na difusión das súas actividades. Motivo polo cal, rogamos que se estableza un procedemento para a publicidade na web municipal de actividades promovidas por asociacións, e que se comunique o dito procedemento a todas as entidades municipais.»

A Sra. Espiñeira Galán contesta o rogo.

2º rogo (presentado oralmente) - ***Acceso á videoacta*** **– 03:07:11 horas**

O Sr. Castro Uzal formula o seguinte rogo:

Di que isto non é unha apreciación de Manuel Castro, nin de Raúl Varela, que é unha apreciación dos veciños; que rogan de novo que os medios municipais non sexan empregados cun uso partidista; que isto vén a raíz dunha nova publicada hai un día sobre o reasfaltado que están a facer na AC-214. Di que non vai ler o que se publicou na páxina do concello, pero que pensan que a nova debería de ser da seguinte maneira, que se debería informar das obras que se están a facer na AC-214 por parte da Administración competente, neste caso a Xunta de Galicia, cousa que di que tiña que ter feito hai moito tempo; advertir á veciñanza dos tramos nos que se está a actuar en tempo real, polas posibles incidencias que poida causar a nivel de tráfico; itinerarios alternativos polos que descorrer para evitar embotellamentos; tamén vixiar as obras; di que hai un descontento xeneralizado coa altura do firme, que non se está facendo un fresado correcto, e que, polo tanto, hai moitas entradas ás casas que agora quedan moito máis altas que anteriormente e que moitos vehículos non poden acceder correctamente.

3º rogo (presentado oralmente) - ***Acceso á videoacta*** **– 03:08:29 horas**

O Sr. Castro Uzal formula o seguinte rogo:

Di que, seguindo na liña do rogo anterior, e do uso informativo correcto das redes municipais de comunicación, que cre que é necesario facer unha publicación felicitando a unha veciña deste concello, que cre que lles debería encher de orgullo a todos eles, tras ter recibido a pasada fin de semana o seu quinto galardón nos Premios Mestre Mateo, á mellor dirección de fotografía. Di que dende AV, felicidades Lucía, que veciños como ela seguramente servirán de inspiración a moitos mozos e mozas deste concello, nun momento no que a cultura e o seu fomento é tan necesario.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 03/07/2026 14:35:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 06/07/2026 14:46:00)
Versión imprimible
CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

3.4. PREGUNTAS

***Acceso á videoacta* – 03:09:06 horas**

PREGUNTAS DE UXC PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900001723 o día 23 de marzo de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:09:15 horas

Lee a pregunta a Sra. Pan Matos.

"Nas pasadas comisións informativas, a concelleira de Cultura asegurou que instancias máis altas que ela autorizaron á Asociación da Terceira Idade da Barcala a apertura no baixo dunha porta de acceso ao almacén e a instalación alí de armarios altos de madeira sen ancorar. Quen é esa instancia máis alta que autorizou esta acción?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Pan Matos, a Sra. alcaldesa e a Sra. Espiñeira Galán.

2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:12:10 horas

Lee a pregunta a Sra. Pan Matos.

"Nas pasadas comisións informativas a concelleira de Cultura negou a existencia dunha cociña no almacén onde foron instalados os armarios altos, cando alí se instalou un fogón e un vertedoiro con cometida de auga. Está ese local acondicionado para usar con seguridade alí un fogón?"

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta. Intervén a Sra. Pan Matos.

3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:14:21 horas

Lee a pregunta a Sra. Pan Matos.

"Vai tomar medidas inmediatas a alcaldesa para repoñer a legalidade no baixo da Barcala, onde se fixeron as actuacións sinaladas na primeira e segunda pregunta e que son un perigo para os usuarios?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Pan Matos e a Sra. Espiñeira Galán.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900001730 o día 23 de marzo de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:16:27 horas

Lee a pregunta o Sr. Alcantarilla Rei.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 03/07/2026 14:35:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 06/07/2026 14:46:00)
Versión imprimible
CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

"Desde a entrada do Partido Popular no goberno municipal, este concello perdeu varias subvencións relevantes: a do programa de socorrismo 2026 da Deputación para a piscina municipal de Castros do Bosque, as correspondentes ao programa PEL-Concellos 2026 e a subvención para obradoiros duais de emprego da Xunta de Galicia.

Por todo iso, pode o goberno municipal explicar cantas subvencións se perderon en total desde que están no goberno, cales son exactamente e cantas máis se atopan actualmente en risco por non presentar a documentación requirida en prazo?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta. Interveñen o Sr. Alcantarilla Rei e o Sr. Vázquez Pérez.

2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:17:50 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

"Cal é o horario oficial vixente da Biblioteca municipal Os Templarios tras a súa reapertura? Xa que non coincide a información publicada na web municipal, en plataformas externas como Google e non se informou deste dato tan básico na comunicación de reapertura publicada nas RRSS do concello."

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Rodríguez López e a Sra. Espiñeira Galán.

(Cando son as catorce horas e dezanove minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Castro Uzal)

3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:19:55 horas

Lee a pregunta a Sra. Parcero Quiñoy.

"Exactamente cantas persoas están a traballar actualmente para o departamento de Intervención?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900001725 o día 23 de marzo de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:20:10 horas

Lee a pregunta a Sra. Louro López.

"A día de hoxe seguimos sen saber cales son os locais de titularidade municipal, cales son as asociacións que fan uso deles, que actividades se desenvolven alí, e cales son as asociacións que teñen autorización do concello para elas.

Teñen realmente feito este traballo, ou seguimos a ser un concello de traca que non sabe manexar as súas propiedades e o uso que se fan delas?"

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 03/07/2026 14:35:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 06/07/2026 14:46:00)
Versión imprimible
CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

(Cando son as catorce horas e vinte e un minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. Castro Uzal)

2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:23:28 horas

Lee a pregunta o Sr. Carballada Rodríguez.

"No seu día xa demandamos que se mantiveran aparcamentos para xente con problemas de mobilidade fronte a todos aqueles locais municipais sen que se cumpran os ditos compromisos, que foron aceptados en pleno.

A discriminación que sofren as persoas que ven desoídos os seus dereitos non é de recibo a día de hoxe. Cando pensan levar a cabo o pintado desas prazas de aparcamento?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:23:50 horas

Lee a pregunta a Sr. Carballada Rodríguez.

"Diante do perigo constante que viven todos os que transitan, ben a pé ou en carro pola fraga de Cecebre, e que é unicamente responsabilidade da familia propietaria, este grupo municipal do BNG ten solicitado por varias veces que se lle reclamara o bo estado do arborado, así como a súa limpeza, así como que se lle dera traslado á Xunta de Galicia, como responsable da estrada que a cruza.

Que fixeron vostedes ao respecto? Teñen documentación que acredite esas peticións e reclamacións?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900001728 o día 23 de marzo de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:25:20 horas

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío

"Que afluencia de uso e que dispoñibilidade están a ter os locais de ensaio?"

O Sr. Gonzalo Lamela contesta a pregunta

2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:25:51 horas

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío

"De cantas queixas hai constancia por mor do uso destes locais?"

O Sr. Gonzalo Lamela contesta a pregunta.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e seis minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 03/07/2026 14:35:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 06/07/2026 14:46:00)
Versión imprimible
CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/